



os contos



Jose Enrique Abalo Quintela

Colectivo "Ollo de Sapo"

**Propostas para traballar con
contos populares galegos**

B) Exemplo.

CONTO DO LAGARTO

Ia un cazador por un monte e viu un lagarto moi grande no alto dunha fraga. Botou a escopeta á cara coa intención de lle zorregar un tiro e xa llo ía despachar cando o lagarto se puxo a falar dicindo:

- Non me mates, cazador!

O cazador quedou espantado de oír falar ao lagarto pero tendo confianza no ollo e na escopeta, quedou parado. Entón díxolle o lagarto:

-Ven acá, que temos que falar!

Chégouse o cazador ao sitio onde se atopaba o lagarto e este seguiulle dicindo:

- Se ti fas todo o que eu che diga, heite poñer rico para sempre. Entra nesta fraga e colle os cartos que queiras e mañá has volver aquí cunha das túas fillas, que eu lle hei dicir como ha gañar os cartos que ti leves. E agora vaite polo monte adiante, que has matar a caza que che dea a gana.

O cazador matou as perdices, coellos e lebres que lle deu a gana e marchou para a súa casa onde chegou moi triste. Púxose a comer sen levantar os ollos do chan, coñecéndoselle ben que estaba pensando nalgúnha cousa. A muller preguntoulle ao velo así:



- Que che pasa? Outras veces non traes nada e vés todo contento e hoxe, que case non podías coa caza, tes unha cara que mamente parece que che pegaron.

El respondeu:

- Nada, non teño nada!

Dende que acabou de comer chamou á filla máis vella e contoulle o que pasara. Ela dixo que non ía onde o lagarto, que quería mellor que lle devolvese os cartos ca ter que verse con el.

Chamou pola outra filla, a do medio pois tiña tres, e tamén lle respondeu que ela non ía para onde o lagarto inda que a matara.

Despois chamou pola máis nova. Esta quedou pensando o que o seu pai lle dixo e por fin, rematou dicindo:

- Eu non sei que me ocorrerá co lagarto ese que vostede viu pero, sexa o que Deus queira! A min sempre me queda o consolo de que os meus quedan ricos para sempre.

Entón o cazador chamou pola muller e contoulle todo o que pasaba. A muller, primeiro dixo que non deixaba ir á filla para onde o lagarto porque non sabía o que lle podía pasar con el, pero a moza teimou en que quería ir e quedaron en que a levaría seu pai ao outro día.

Para o outro día pola mañá o cazador marchou coa filla cara á fraga do lagarto. Este comezou a dar saltos de alegria ao vela vir. Chegaron pai e filla ao seu destino e entón díxoles o lagarto:

- Ti -dixolle ao cazador-, vaite para a túa casa e non volvas aquí ata un ano xusto. E ti-dixolle á moza- has facer o que eu che diga sen marrarte un punto. Colle esta papela e pregúntalle á xente que encon-



tres polo camiño pola casa que di afí, e cando te atopes alí di que vas buscar amo para servir. Hanche dar traballo e ti has quedar alí servindo ata que che quede tempo de chegar aquí ao ano xusto. Tamén che han querer pagar, pero ti non lleas queiras soldada. Toma esta cuncha que che ha facer todo o que ti lle pidas.

A moza botou a andar e, no camiño, viu catro cazadores que viñan cara a onda ela. Tivo medo de que se meteran con ela e dixo:

- Cuncha, pídoché que eses homes collan por outro camiño!

Inda non acabara de dicilo xa os cazadores colleran por outro camiño.

Foi andando, andando, ata chegar a unha casa na que pediu pousada para pasar a noite, pois xa era luscofusco e quería pasar a noite ao cuberto.

A ama daquela casa tiña unha meniña que non paraba de chorar. Entón a moza díxolle á nai que lla dese, que ela a faría calar. O pai da meniña díxolle:

- Oxalá fose así, pero esta meniña non sei que díños ten que non para de chorar. Unicamente está algunha vez calada no colo da nai.

- Vostede déama para acá que eu a farei calar.

Colle á meniña e dixo:

- Cuncha, quero que esta meniña non dea un chó mentres eu estea nesta casa!

A meniña sorriu cara ó moza e quedou durmido coma unha santiña. Aquel matrimonio ao ver aquilo, díxolle se quería quedar onda eles para coidar da meniña, que non lle habían mandar outra cousa e que lle habían pagar moi boa soldada, pero a moza díxolle que tiña que seguir camiño adiante e que non se podía parar.

Para o outro día, levantouse moi cediño e seguiu o seu camiño, preguntando sempre pola dirección que levaba na papela que lle dera o lagarto ata atopar cunha muller que resultou ser a criada da casa que ela ía buscando. O amo da casa respondeulle que só a quería se entendía de panadeira.

- Eu creo que han estar contentos de min- respondeulle ela.

Foi para o forno e nunca estaba soa porque había tres estudantes no lugar que acordaron facerlle o amor e, cada noite, ía un para onde ela.

A primeira noite, foi un deles, e díolle a moza á cuncha en canto entrou:

- Quero que este mozo me faga a masa e me coza o pan.

Así foi: o estudante amasou, roxou o forno, larexouno, enfornou e sacou o pan. É o mozo pasou a noite enteira facendo de panadeiro, agora que cando viu aos outros díolle:

- Dá gusto falar con ela! Posei unha noite moi boa falándolle de amores.

Para o outro día á noite foi o outro estudante para onda ela, pensando que o había pasar moi ben polo que lle contara o outro, pero, en canto entrou no forno, díolle a moza á cuncha:

- Quero que este mozo pasé toda a noite facendo o traballo que teño que facer eu.

É así foi. Ela estivo levando moi boa vida e el suaba a máis non poder, facendo unha





fornada detrás doutra. Anque saíu rabian-
do cando viu aos outros, díolle que o
pasara moi ben, que era unha moza que
parafeaba moi ben e que se divertira
moito con ela.

De maneira que, para a outra noite, foi o estudan-
te que faltaba. E pasoulle o mesmo ca aos
outros.

A moza ía vender o pan a un mercado que alí había
e, como llo pedía á cuncha, ninguén lle
mercaba ás outras panadeiras mentres
ela tivese que vender. As panadeiras
axuntáronse todas e acusárona de bruxa
e por iso era que vendía todo o pan que
facía anque fixera ela soa tanto coma as
outras todas.

O xulgado citouna para un xuízo que lle ían ter por
bruxa e ela foi e falou coa cuncha e apare-
ceu alí desta maneira: ía a cabalo dun
macho do que ía tirando un dos estudan-
tes, outro estudiante ía ao lado dela tendo
conta de que non caese e o outro ía
detrás, pegándolle do rabo ao macho e
dándolle bicos no cu.

Ao chegar ao xulgado díolle á cuncha:

- Que todos se poñan a pelexar!

E o xuíz, o escribán, o alguacil e a demais xente da
Xustiza púxose a pelexar unha coa outra.
Romperon as camisas e os chaquetas,
tiraron coa mesa e coa cadeira... Fixeron o
demo!

Cando ela lle pareceu dixo:

- Que fagan as paces!

No mesmo intre, os que antes estaban pelexando
empezaron a bicarse e darse apertas.

De alí a un pouco dixo a moza:

- Cuncha que se calmen todos.

Entón os outros gobernaron as roupas o mellor que puideron e sentaron en paz. E, como viron o que aquela moza era capaz de facer, deixárona libre de que marchase.

Ela volveu para a casa dos seus amos e estivo alí ata que lle faltaron uns días para cumprir o ano.

No camiño volveuse hospedar na mesma casa que parara da outra vez. Cando a viron desfáianse de alegria e non o querían deixar marchar para que lles coidase da meniña, pero ela díxolle que levaba moite preso e que non se podía parar.

Chégou onda a fraga do lagarto ao facer o ano xusto de que marchara e xa estaba alí o seu pai agardándoo.

O lagarto, en canto a viu vir, embuligouse na fraga e volveuse un bo mozo, e díxolle ao cazador:

- Eu estaba encantado e agora quedei desencantado e quero casar coa túa filla, que é a quen lle debo o volver ser home. De modo que hai que arranxar as cousas para a voda o máis pronto que se poida.

Marcharon todos á casa do cazador e acordaron facer a voda alí. A filla máis vella do cazador foi a cociñeira, e devulle tanta rabia que a súa irmá casara cun home tan rico e tan bo mozo que envenenou a comida que ía no prato da irmá pero el deuse conta e fixo de madeira que se cambiaseen os pratos co que a comida envenenada foi dar a mesma cociñeira e dese xeito morreu e eles quedaron en paz.

*Recollido por H. Harguindeguy/M. Barrio
Editorial Galaxia*

PERSONAXES QUE APARECEN:

cazador – lagarto – muller do cazador – filla maior – filla mediana – filla pequena – catro cazadores – un matrimonio – unha neniña – amo da casa – os estudantes – as panadeiras – o xuiz – o escribán – o alguacil.

Sociograma do conto

